



RESPONSABLE DO TRATAMENTO

Concello de Pazos de Borbén

BASE XURÍDICA

Artigo 6. 1. b) RXPDP. O tratamento é necesario para a execución dun contrato no que o interesado é parte ou para a aplicación a pedimento de este de medidas precontractuais.

Artigo 6. 1. c) RXPDP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento:

Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia. Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia. Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.

Artigo 6. 1. e) RXPDP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

FINS DO TRATAMENTO

Elaboración do censo dos animais de compañía daquelas persoas que residen no Concello mediante a solicitude de inscrición no rexistro municipal de animais domésticos. Solicitude de inscrición no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Solicitude do certificado de non ter sido sancionado con anterioridade por infraccións con algunha das sancións accesorias das previstas no apartado 3 do artigo 13 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos. Petición ao rexistro central de penados de información de antecedentes a través de organismos públicos.

COLECTIVO

Donos e representantes legais.

CATEGORÍAS DE DATOS

Datos de infraccións: Natureza penal e administrativa.

Carácter identificativo: Nome e apelidos, NIF, enderezo (postal ou electrónico), teléfono (fixo ou móbil), firma, sinatura electrónica.

Características persoais: Idade, data de nacemento, nacionalidade, lugar de nacemento.

CATEGORÍAS DE DESTINATARIOS

Forzas e Corpos de Seguridade, Órganos xudiciais, Administracións Públicas, profesionais veterinarios, asociacións e organizacións de protección animal.

TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS

Non están previstas transferencias internacionais.

PRAZO SUPRESIÓN

Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

MEDIDAS DE SEGURIDADE

As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Esquema Nacional de Seguridade.